

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE DECEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00052865S.**

[Aprobación de actas de sesión anteriores.]

Apróbanse as actas das sesión do 11 e 12 de decembro de 2023.

2. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: **2023/00043180J.**

[Aprobación inicial do Estudo de detalle da zona de edificación universitaria ZEU-25 do Plan especial de ordenación do Campus universitario (PE-8)]

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Estudo de detalle da zona de edificación universitaria ZEU-25 do Plan especial de ordenación do Campus universitario (PE-8), formulado pola Universidade de Santiago de Compostela, e asinado polo arquitecto Pedro Diéguez Iglesias.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado no artigo 194.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, o proxecto someterase a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios catastrais dos terreos afectados, e anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00052507W.**

[Licenza para a rehabilitación de cuberta e revestimento de fachadas en edificio de vivendas situado na rúa de Xesús Carro, 3.]

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Xesús Carro 3 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto técnico de data 11/04/2023, e a documentación complementaria de datas 11/04/2023 e 21/08/2023 redactados polo arquitecto Santiago Cotón Díaz, cun orzamento de execución material de 65.513,41 €, a rehabilitación de cuberta e revestimento de fachadas en edificio de vivendas situado na rúa de Xesús Carro, 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2022/00048341A.**

[Aceptar cesión de viario e conceder licenza para construción de vivenda familiar en Camiño Real de Angrois, 34.]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Natalia Couselo Ferreiro de data de visado do 27/10/2023, cun orzamento de execución material de 150.000,00 €, a construción de vivenda unifamiliar situada na Rúa Camiño Real de Angrois, 34 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00052790D.**

[Licenza para a rehabilitación enerxética do edificio sito na rúa da Ponte do Sar, 12-14-16]

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Ponte do Sar 12-14-16 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 20/06/2023 e a documentación complementaria de

data 21/11/2023, redactada polo arquitecto Eugenio José Torreira Pais, cun orzamento de execución material de 283.418,96 €, a rehabilitación enerxética do edificio sito na rúa da Ponte do Sar, 12-14-16 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00033569C.

[Licenza para construción dunha vivenda familiar entre medianeiras situada na rúa do Campo do Forno 40 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.]

Acórdase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 23/06/2022 e o proxecto de execución de data de visado do 14/06/2023 redactados polo arquitecto Iván Gutiérrez de Terán Castañón, cun orzamento de execución material de 34.623,11 €, a construción dunha vivenda familiar entre medianeiras situada na rúa do Campo do Forno 40 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1442/2020.

[Licenza para a construción de vivenda familiar no camino Real de Angrois, 35B.]

Acórdase conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en solo urbano consolidado. Ordenanza 6 – Vivenda unifamiliar extensiva. Conta con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pois a obra executarase na contorna do Camiño Real de Angrois.

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00049678Y.

[Aprobación inicial da subvención solicitada para as actuacións en Carme de Abaixo 15, correspondente á convocatoria de subvencións á rehabilitación no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na ARRU do Casco Histórico FASE 16.]

Acórdase aprobar inicialmente a subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2023 e ao proxecto de gasto 2019/2/REHAB/16/1, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor de dúas persoas beneficiarias por un valor total de 25.000 euros (17.500 euros e 7.500 euros).

9. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00039214F.

[Aprobación inicial da subvención solicitada para as actuacións en Poza de Bar 52, correspondente á convocatoria de subvencións á rehabilitación no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na ARRU do Casco Histórico FASE 16.]

Acórdase aprobar inicialmente a subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2023 e ao proxecto de gasto 2019/2/REHAB/16/1, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor dunha persoa beneficiaria por valor de 14.217,68 euros.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00046906J.

[Aprobación do expediente de contratación da *concesión para a utilización privativa, coa finalidade da súa explotación publicitaria, das marquesiñas de autobuses do transporte público colectivo urbano e MUPIS, instalados na vía pública na cidade de Santiago de Compostela.*]

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Contrato de concesión para a utilización privativa, coa finalidade da súa explotación publicitaria, das marquesiñas de autobuses do transporte público colectivo urbano e MUPIS, instalados na vía pública na cidade de Santiago de Compostela. O canon mínimo para período

concesional de dous anos establécese en 272.313,00 €.

O canon ten carácter de taxa e, polo tanto, non está suxeito a IVE consonte o disposto no artigo 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00047334N.**

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de Recadación Executiva, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e revisión do IPC.

Acórdase a prórroga por un ano máis, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, do aluguer do local. A revisión do IPC farase efectiva unha vez publicado o IPC de decembro de 2023.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00047409H.**

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e revisión do IPC.

Acórdase a prórroga por un ano máis, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, o aluguer do local. A revisión do IPC farase efectiva unha vez publicado o IPC de decembro de 2023.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00047383S.**

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 8 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e revisión do IPC.

Acórdase a prórroga por un ano máis, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, o aluguer do local. A revisión do IPC farase efectiva unha vez publicado o IPC de decembro de 2023.

14. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: **2023/00023954S.**

Autorización para a recepción definitiva das obras de creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar

Acórdase autorizar ao supervisor municipal do contrato, Gregorio López Albardonado, encargado- xefe de Parques e Xardíns, para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar adxudicadas á empresa ALCOMTE GALICIA SL cun orzamento de adxudicación de 126.984,82 euros (21% IVE incluído) asinando o contrato de obras o 20/07/2023.

15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: **2023/00036011C.**

Autorización para a recepción de obras Obras de mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña.

Acórdase autorizar ao arquitecto municipal Diego Briega Argomaniz para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de “Mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña” adxudicadas á empresa ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, SLU cun orzamento de

adxudicación de 145.200,00 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 10/10/2023.

Toda vez que coa seguinte certificación se prevé superar o 90% do importe de adxudicación e aos efectos do estipulado no artigo 198.2, darase traslado do presente informe e comunicacións de fin de obra á Intervención municipal para que poida nomear representante para a súa eventual asistencia ao acto de recepción unha vez se convoque trala oportuna autorización do Órgano de Contratación.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00047748N.**

Validación do acordo do 27/11/2023 relativo a *prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.*

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos) polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 13-febreiro de 2004, na súa cláusula segunda estableceuse que a partir do ano 2007 o prezo de alugamento incrementarase conforme a variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2022 ata decembro de 2023). A renda definitiva para o ano 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2023.

Para o mes de xaneiro de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 622,49 € mais IVE (total: 753,21 €).

Segundo.- Esta prórroga tramitase como anticipado de gasto de ahí que a súa autorización quede condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2024.

O gasto por importe de 9.038,52 €, irá con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC, Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/12/2024): 9.038,52 euros.

Publicado o IPC de decembro de 2023 efectúarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00045181J.**

Autorización da cancelación do aval constituído pola empresa, CASA TABOADA S.C. para responder do contrato de “Servizos para a organización do xantar da “Festa dos maiores 2022 e 2023 que terá lugar no recinto feiral de Amio en Santiago de Compostela” Expte. 2022/20425D.

Acórdase autorizar a cancelación do aval constituído pola empresa, CASA TABOADA S.C., por importe de 3.774 euros en concepto de fianza definitiva (Avalista: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA. para responder do contrato de “Servizos para a organización do xantar da “Festa dos maiores 2022 e 2023 que terá lugar no recinto feiral de Amio en Santiago de Compostela” Expte 2022/20425D.

18. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00052047W.**

Acordo de continuidade na prestación do servizo de xestión de expedientes sancionadores por infraccións á normativa de tráfico vial urbano e calquera outras infraccións nos ámbitos da mobilidade, medio ambiente e servizos básicos do

Concello de Santiago. |

Acórdase ordenar a continuidade na prestación do servizo de xestión de expedientes sancionadores en materia de tráfico, vial urbano e calquera outros expedientes sancionadores no ámbito da mobilidade, medio ambiente e servizos básicos do concello de Santiago de Compostela á entidade SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. durante un prazo de máximo de nove meses, ou ata que o concello aprobe o novo modelo de xestión a través dos seus medios propios, nas mesmas condicións contractuais.

19. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: **2023/00052569H.**

Validación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios de pezas para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período que abrangue entre agosto e setembro de 2023 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de CATRO MIL SETECENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (4.755,64 €) segundo relación contable de facturas S/2023/348 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/4795 por importe de 1.957,47 euros e remata pola factura número F/2023/5022 por importe de 2.798,17 euros, todas elas emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

20. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00052868H.**

Validación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura 2023/2637 emitida pola empresa Aytos Soluciones Informáticas SLU |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (845,16 €) segundo a factura F/2023/2637 emitida pola empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU (B416332332), en concepto de mantemento das aplicacións de contabilidade Sicalwin, Subvencións e AytosFactura correspondente ao período do 1 ao 12 de maio de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00052857F.**

Validación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes

do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “Anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos, correspondentes aos meses de xullo e setembro do 2023. Relación contable S/2023/346. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E SETE MIL CINCOCEMOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (87.565,90 €).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037833Y.

|Aprobación da xustificación das subvencións concedidas na convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2022. |

Acórdase:

1. Aprobar as xustificacións presentadas por 21 entidades ou persoas por un importe total de 257.063,53 €

2. Recoñecer as obrigas das subvencións correspondentes aos importes xustificados e aceptados por un importe total de 257.063,53 €.

3. Devolver ás aplicacións de orixe que corresponda o importe restante por valor de 120.719,72 €.

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00030799Y.**

|Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 26 de setembro de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 euros) |

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 26 de setembro de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 euros) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800010 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00015676V.**

|Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 02 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2023 e para o “Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social” e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil novecentos sesenta e oito euros con vinte un céntimos de euro (9.968,21 €) |

Acórdase aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 02 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2023 e para o “Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social” e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil novecentos sesenta e oito euros con vinte e un céntimos de euro (9.968,21 €), sendo a subvención de dez mil euros (10.000,00 €)

con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800023 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

25. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2023/00033895C.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación Médicos del Mundo, ano 2023

Acórdase:

Primeiro.-Aprobar a xustificación do convenio coa asociación Médicos del Mundo. O gasto irá con cargo á partida orzamentaria 020 23103 4800004, por importe de dez mil euros (10.000,00€)

Segundo.-Trasladar este acordo ao departamento de Servizos Económicos, para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 020 23103 4800004 dos orzamentos municipais de 2023

Terceiro.-Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027434E.

Tomar coñecemento da renuncia presentada pola Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa da que figura como entidade beneficiaria, segundo o disposto por acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de Compostela de 9 de marzo de 2023

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da renuncia presentada pola Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa da que figura como entidade beneficiaria, segundo o disposto por acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de Compostela de 9 de marzo de 2023, e que tivo entrada no Concello de Santiago de Compostela en data 26 de xuño de 2023 mediante escrito asinado por Dona Fátima Granja Fernández, Presidenta da Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela (APSSC) expoñendo a imposibilidade do cumprimento do obxecto establecido no convenio de colaboración co concello de Santiago de Compostela, véndose na obriga de rexeitar dita subvención nominativa para o ano 2023, polos motivos que dita entidade entendeu oportunos.

2. Aceptar a renuncia formulada pola entidade Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa prevista por acordo do Pleno Municipal do concello de Santiago de Compostela de data 9 de marzo de 2023 e como consecuencia, a Entidade perderá (de forma voluntaria) o dereito a asignación económica aprobada no seu día polo Pleno Municipal.

27. DEPORTES. Referencia: 2023/00038926Z.

Aprobación da xustificación de 20 das 52 subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2023.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar os expedientes de xustificación presentados por 32 entidades, así como, a contía definitiva a subvencionar segundo cada caso, por un valor total de 181.990,56 €, previa fiscalización por parte da Intervención Municipal.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor das entidades por un importe total de 181.990,56 €.

Terceiro: Liberar saldo por un importe total de 14.308,05 €.

28. DEPORTES. Referencia: 2023/00014494P.

Apróbación da xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación correspondente ao ano 2023 presentada polo CLUB ARTEAL TENIS DE MESA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB ARTEAL TENIS DE MESA por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890001.

29. DEPORTES. Referencia: 2023/00014493F.

Apróbación da xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto S.A.D. (CIF- A70334875) para o ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación correspondente ao ano 2023 presentada polo OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D. do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 120.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D. por importe de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

30. DEPORTES. Referencia: 2023/00014516F.

Apróbación da xustificación parcial do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela para o ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación parcial correspondente ao 1º semestre do ano 2023 presentada polo CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 44.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA por importe de 44.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

31. DEPORTES. Referencia: 2023/00014502Q.

Apróbación da xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Atletismo Santiago para o ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación correspondente ao ano 2023 presentada polo CLUB ATLETISMO SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 10.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB ATLETISMO SANTIAGO por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043627G.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 413/2020 CA1 |
Sentenza desfavorable ao Concello pois estima a demanda presentada contra a desestimación do recurso de reposición presentado contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía).

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de inspección tributaria.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00051277Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 41/2022 CA1 |
Sentenza favorable ao Concello pois desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por danos causados a un vehículo ao desprazarse un colector de lixo.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remítala ao departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00052942T.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 100/2021 CA1. |
Sentenza parcialmente favorable ao Concello pois aínda que estima o recurso presentado contra a devolución da factura presentada polo recorrente, a cantidade que deberá abonar o Concello será a que se determine en execución de sentenza e non os 5.687 € reclamados.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento medio ambiente. .

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00016229E.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 12/2022 ca1 |
Sentenza desfavorable ao Concello pois estima a demanda presentada contra a desestimación do recurso de reposición presentado contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía).

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de inspección tributaria.

36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00051163S.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 29/2022 CA1. |
Sentenza desfavorable ao Concello pois estima a reclamación de responsabilidade patrimonial por danos a un vehículo causados polo desprazamento dun colector de lixo,

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remítala ao departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00016387L.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 59/2022 CA2 |
Sentenza parcialmente favorable ao Concello pois aínda que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola recorrente, a cantidade que deberá abonar o Concello en concepto de indemnización é 4.000 € e non os 33.334,14 €

reclamados.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Ordenar a non interposición de recurso de apelación.

38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00053080T.

[Autorización da XGL para o persoamento nas DPA 1676/2022 Instrucción 3.]

Acórdase autorizar a Asesoría Xurídica:

- Primeiro, ao personamento nas Dilixencias Previas-Proc. Abreviado 1522/2018 do Xulgado de Instrución nº3 de Santiago de Compostela para ter coñecemento destas, autorizando a asunción da defensa e representación do Concello. E,
- Segundo, a contratación con carácter excepcional dun procurador/a ao obxecto de asumir a representación procesual do Concello, dado o volume de documentación que hai que manexar neste tipo de actuacións.

39. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00047794G.

[Tomar coñecemento do Auto de desistimento ditado no Procedemento Ordinario núm. 425/2021 CA1.]

Resolución favorable ao Concello, pois declara desistida á Comunidade de Propietarios da Urbanización Brandía do recurso que presentara contra a convocatoria da Xunta de Goberno Local e a inclusión na orde do día do outorgamento da licenza a unha gasoleneira na urbanización de Brandia.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Área de Urbanismo aos efectos do seu coñecemento.

URXENCIAS

1. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00027888Q


Suspensión temporal parcial da obra "Mellora dos accesos á Almaciga: ámbito da Pastoriza". Suspéndese a execución da obra na parte que corresponde á execución duns colectores soterrados mentres se redacta un proxecto modificado que terá por obxecto eliminar a illa de colectores soterrados, posto que o criterio municipal é o de evitar este tipo de instalacións.

Acórdase suspender parcialmente a execución do contrato de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" na parte da obra que corresponde á instalación dos colectores soterrados polo tempo necesario para a tramitación dun proxecto modificado.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00035944E

Devolución do aval prestado por Servicios Medioambientales del Miño, SL no contrato de obra "Acondicionamento de espazos para miradoiro no Monte Pedroso". A empresa fora proposta para a adxudicación e prestou a garantía definitiva pero ao examinar a documentación sobre a súa solvencia concluíuse que non era posible adxudicarlle o contrato. Finalmente, o contrato adxudicóuselle ao seguinte licitador, polo que procede devolverlle o aval a este empresario.


Acórdase:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Primeiro: Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva, constituído pola empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL. NIF: B27815182 por importe de 5.991,16 € (Avalista: COMPAÑIA E3SPAÑOLA DE SEGUROS DE CREDITO A LA EXPORTACIÓN, SA. NIF.- A28264034), nº operación: 320230003503 sentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria no día 6/09/2023, para responder do contrato das Obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela Expte. 2023/35944E- CON2023000046, por non estar afecto a ningunha das responsabilidades a que alude o artigo 110 da LCSP.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e aos Servizos de Tesourería Municipal e Oficina Orzamentaria e Contabilidade.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**